Minia Astray Barca (1 para 2)
SECRETARIA XERAL
Data de Sinatura: 30/10/2026
HASH: 5b66e7d94dab5dc47d57644ee398fba1

FRANCISCO CALO ABELLEIRA (2 para 2)
Alcalde-Presidente
Data de Sinatura: 30/10/2026
HASH: c333dba8ba227a4c32ed8a43a4899f6a

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2026/6	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria: Ordinaria
Data e hora: 1ª convocatoria: 27 de agosto de 2026 ás 21:00
2ª convocatoria: 31 de agosto de 2026 ás 21:00
Lugar: SALÓN DE PLENOS
Presidida por: FRANCISCO CALO ABELLEIRA
Secretaria: MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
78792417Y	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
45961024D	ANXO NUÑEZ FERNANDEZ	SÍ
78797031C	Andrés Castro Abelleira	SÍ
44843850Z	CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
79327212M	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
78787194G	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
33265012C	JOSE ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	NON
79327861X	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
78793193T	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
33260032P	MARIA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33277711T	SOL AGRA TUÑAS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Cod. Validación: 7Z6S6SFRJEJLESRXWY2669M5Z
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 17

Aprobación da acta da sesión anterior	
Favorable	**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Apróbase por unanimidade do (12) concelleiros e concelleiras presentes a acta da sesión ordinaria anterior do pleno celebrado na data 25/06/2026.

Expediente 672/2026. FESTIVOS LOCAIS CONCELLO DE OUTES 2027	
Favorable	**Tipo de votación:** Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 0 Ausentes: 1

Por parte do Sr. alcalde exponse a proposta, cuxo teor literal é o seguinte:

Vista a solicitude efectuada polo Departamento Territorial da Coruña, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, relativa á remisión por parte deste Concello dos dous días festivos para o ano 2027;

En aplicación das previsións contidas no artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

Polo exposto, o Pleno da Corporación ACORDA:

PRIMEIRO.- Fixar como días festivos no Concello de Outes para o ano 2027 as seguintes datas:

- Mércores 10 de febreiro (Mércores de cinza);
- Mércores 29 de setembro (San Miguel).

SEGUNDO.- Comunicar este acordo ao Departamento Territorial da Coruña, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia , para o seu coñecemento e efectos.

Intervén a voceira de Compromiso Outes, observan que non existen novidades neste tema e que polo tanto non teñen máis que dicir ao respecto.

Intervén a voceira do BNG, indica que están de acordo cos festivos propostos, xa que, son os de tódolos anos, e anuncia o voto a favo do BNG.

Cod. Validación: 7Z6S6SFRJEJLESRXWY2669M5Z
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 17

Concello de Outes

Finalizado o debate sométese o punto a votación quedando aprobado por **UNANIMIDADE** dos membros presentes (12 concelleiros/as).

Expediente 535/2026. CONTA XERAL EXERCICIO 2025	
Favorable	**Tipo de votación:** Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 1

Por parte do Sra. Concelleira de Fancenda exponse a proposta, cuxo teor literal é o seguinte:

Visto que a Intervención procedeu á formación da Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio económico 2025, xunto con toda a súa documentación anexa ao mesmo, segundo a lexislación vixente.

Visto que a Intervención procedeu a emitir o correspondente informe en relación á aprobación da Conta Xeral.

Visto que con posterioridade, a Comisión Especial de Contas desta entidade, en sesión celebrada en data 13 de xullo do 2026 emitiu, o correspondente informe preceptivo en relación á Conta Xeral desta corporación relativo ao exercicio 2025.

Visto que mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 134 do venres, 17 de xullo do 2026 e taboleiro de anuncios municipal, a Conta Xeral, xunto co informe da devandita comisión, foi obxecto de exposición ao público durante o prazo de quince días, durante os cales, as persoas interesadas puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Visto que de conformidade co contido da certificación librada por Secretaría da Corporación, durante o prazo de exposición ao público da devandita Conta, non se presentaron alegacións.

De conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

Polo exposto, o Pleno da Corporación ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2025.

SEGUNDO. Remitir a Conta Xeral xunto con toda a documentación que a

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0006 Data: 30/10/2026
Cod. Validación: 7Z6S6SFRJEJLESRXWY2669M5Z
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 17

integra á fiscalización do Tribunal de Contas *(e órgano autonómico),* tal e como se establece no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda».

Fai unha exposición breve da proposta a Concelleira de Facenda, en primeiro lugar, agradecendo ao persoal do Concello para que o expediente estea elaborado e rematado en tempo en forma. Fai referencia ao procedemento seguido da mesma e que poñen de manifesto que o ano 2025 pechouse co cumprimento de tódalas regras fiscais en vigor, e fai referencia aos datos dos resultados do mesmos.

Intervén a voceira de Compromiso Outes, que indica que agradecen a tódolos departamentos vinculados a este expediente polo seu traballo, xa que, somos conscientes de que este asunto sempre da moito traballo nomeadamente á Intervención e á Tesourería e tamén Secretaría.

Intervén o voceiro do BNG, que expón que compre agradecer o traballo que é bastante grande para a elaboración de toda esta documentación necesaria para o seguimento das contas deste Concello por parte do departamento de Intervención e do persoal.

Sométese o punto a votación quedando **APROBADO**, con 6 votos a favor (Grupo municipal do PP) e 6 abstencións (Grupos municipais de Compromiso Outes e BNG).

Expediente 380/2026. PLAN PROVINCIAL POS + ADICIONAL 2/2026	
Favorable	**Tipo de votación:** Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 1

Por parte do sr. alcalde exponse a proposta, cuxo teor literal é o seguinte:

Vista a circular de abril de 2026, remitida polo servizo de Xestión de Plans da Deputación da Coruña, pola se informa que dito ente aprobou a asignación de fondos para o Plan Adicional 2 do Plan Único Concellos (POS) 2026, no cal lle corresponde a este concello a cantidade de 573.139,44 €.

No Decreto desta Alcaldía nº: 2026-0246, do catorce de maio, resolveuse incorporar, na primeira fase deste plan adicional 2/2026, a totalidade das obras incluidas no POS Complementario aprobado na sesión do Pleno desta Corporación de data 29/01/2026, as cales suman un importe agregado de 511.186,89 €.

Cod. Validación: 7Z6S6SFRJEJLESRXWY2669M5Z
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 17

Dos anteditos datos, resulta un remanente de 61.952,55 € para aplicar na segunda fase do antedito plan adicional, consonte ao recollido na xa citada circular de abril de 2026 da Deputación da Coruña, a cal recolle as directrices e condicións de aplicación dos fondos deste plan.

Considerando que, entre as condicións de aplicación dos anteditos fondos permítese a aplicación dos mesmos ao gasto corrente,

Polo exposto, o Pleno da Corporación ACORDA:

1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 2/2026"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES: (SÓ CANDO PROCEDA)

Gastos correntes	**Deputación**
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2026, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2026 base ou POS+Adicional 3/2026	**61.952,55 €**

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2026:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+2026 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2026	**Financiamento dos investimentos**				
	Deputación	**Concello**			**Orzamento total**
		Achega municipal	**IVE soportado deducible**	**Total concello**	
0	0	0	0	0	0
TOTAL					0

Investimentos financeiramente sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026	**Financiamento dos investimentos**				
	Deputación	**Concello**			**Orzamento total**
		Achega municipal	**IVE soportado deducible (só cando**	**Total concello**	

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0006 Data: 30/10/2026

Cod. Validación: 7Z6S6SFRJEJLESRXWY2669M5Z
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 17

			sexa deducible nos abastecem . auga potable)		
0	0	0	0	0	0
TOTAL					0

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

		Concello			
POS+ ADICIONAL 2/2026 **2ª FASE**	**Deputación**	**Concello**	**IVE soportado deducible**	**Total concello**	**Orzamento Total**
Gastos correntes do 2026 distintos dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)	61.952,55 €				61.952,55 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2026	0	0	0	0	0
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026	0	0	0	0	0
TOTAL	61.952,55 €	0	0	0	**61.952,55 €**

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos neste Plan se a houbera,

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0006 Data: 30/10/2026
Cod. Validación: 7Z6S6SFRJEJLESRXWY2669M5Z
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 17

procedentes dos propios recursos orzamentarios ordinarios do concello ou de ingresos procedentes de operacións de crédito con entidades financeiras.
4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.
5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.
6.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Intervén a voceira de Compromiso Outes para recordarlle ao Goberno que o seu criterio non é o mesmo que cando se atopaban na oposición pois a miudo criticaban ao goberno de Compromiso Outes por destinar fondos do POS a gasto corrente, nada máis que engadir.

Intervén a voceira do BNG, que indica que dende o seu grupo o que queren é aproveitar este debate para por en valor os investimentos que fai a Deputación da Coruña para que Outes poida facer estes investimentos estruturais. Validamos hoxe esta contía pero dentro do POS Adicional 2026 houbo 573.139,40 €, polo tanto, como sempre é unha inxección económica moi importante que non é froito do azar senón que son criterios de reparto obxectivos para tódolos concellos provincia independentemente da súa cor política, se ben é certo que o plan de obras e servizos moitas veces se utiliza para realización de obras tamén ten a posibilidade de utilizalo para gasto corrente e é algo que nos recriminaban moitas veces, que non se estaban facendo obras e se empregaban os cartos para pagar facturas pero sen dúbida o que queda demostrado é que os concellos teñen moitas competencias impropias. Por parte da Xunta non hai un financiamento axeitado para que poidan atendelas e estas achegas económicas que manda a Deputación son as que permiten manter moitos destes servizos. Queremos seguir agradecendo á Deputación estas achegas e consideramos que non imos opinar ao respecto de se se gastan en pistas e obras ou se van a utilizar en gasto corrente e pago de facturas, iso é unha decisión política deste Goberno.

Sométese o punto a votación quedando **APROBADO**, con 6 votos a favor (Grupo municipal do PP) e 6 abstencións (Grupos municipais de Compromiso Outes e BNG).

Cod. Validación: 7Z6S6SFRJEJLESRXWY2669M5Z
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 17

Expediente 935/2025. INCREMENTO CANTIDADE GLOBAL PRODUTIVIDADE	
Favorable	**Tipo de votación:** Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 1

Por parte da Sra. Concelleira de Facenda exponse a proposta, cuxo teor literal é o seguinte:

En aplicación do art.205 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e do art. 61 do R.D. 500/1990, por medio do presente decreto. Segundo ao establecido no Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da administración local, no que se determina que o complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa co que o persoal funcionario desempeña o seu traballo, e que corresponde ao Alcalde a asignación individual, sempre que remunere servizos que excedan do rendemento habitual ou realizados fóra da xornada laboral, con suxeición aos criterios que, no seu caso,estableza o Pleno.

Tendo en conta os créditos totais orzamentarios consignados inicialmente no Orzamento Municipal do exercicio 2026 para produtividades do persoal:

Descrición	Crédito total consignado
Produtividades	24.200,00€

Constatado que estas cantidades resultaron insuficientes e atendendo ao disposto na base duodécima das bases para a execución do Orzamento Municipal e nos artigos 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de transferencias de crédito.

Polo exposto, o Pleno da Corporación ACORDA:

PRIMEIRO. Proceder ao incremento da cantidade global en produtividade nun total de 10.000,00€.

Xustifícase o presente expediente por parte da Sra. Concelleira da Facenda no incremento de actividades extraordinarias que se realizan ao longo do ano e que requiriron unha maior implicación dos traballadores municipais, polo que o crédito inicial

Cod. Validación: 7Z6S6SFRJEJLESRXWY2669M5Z
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 17

para as mesmas é insuficiente e o que se propón é o incremento da referencia contía para poder facer fronte a este gasto non previsto no orzamento.

Intervén a voceira de Compromiso Outes pensamos que ten lugar neste pleno por unha falta de previsión por parte do Goberno á hora de elaborar o orzamento de 2026 preferimos pensar niso que pensar que o Goberno non confiaba na produtividade dos traballadores municipais á hora de realizar o orzamento. Entendemos que os traballadores que aumentan a súa produtividade no desenvolvemento do seu cargo deben ser retribuídos de xeito acorde coa súa produtividade.

Intervén o voceiro do BNG que indica que igual que se fai o mesmo con empresas que prestan servizos ao Concello independentemente da xestión que poida ter o Goberno, en concreto os traballos que fan os nosos empregados municipais teñen que ser debidamente compensados, e se fan horas extras ou unha produción extraordinaria ten que ser recompensado como marca a lei e como é debido. Nada máis que engadir.

Intervén a Sra. Concelleira de Facenda que indica que este incremento é para satisfacer os traballos que fan os funcionarios fora do seu cometido habitual e en canto á non previsión no orzamento a causa deste incremento está relacionada co movemento de persoal que houbo nos departamentos de Secretaría e Intervención que non estaban previstos cando se redactou o orzamento. Hai que ter en conta que dende xuño do 2025 e ata mediados de este ano non foi posible cubrir o posto de Secretaría a tempo completo e estívose funcionando cubrindo ese posto cunha secretaría accidental e posteriormente cunha acumulada. En canto á Intervención, dende abril, deste ano tamén se está a traballar cunha Intervención acumulada, polo tanto, estes feitos que fundamentalmente son o obxecto de este incremento non podían estar previstos á hora de redactar o orzamento. Todos coñecemos das dificultades que supoñen a substitución deste persoal debido á escaseza do mesmo e pensamos que o traballo extra que fan os outros traballadores para suplir esta carencia de persoal estamos de acordo de que teñen que estar retribuídos.

Sométese o punto a votación quedando **APROBADO**, con 6 votos a favor (Grupo municipal do PP) e 6 abstencións (Grupos municipais de Compromiso Outes e BNG).

B) ACTIVIDADE DE CONTROL
DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DO 2026-0353 A 2026-0512

C) ROGOS E PREGUNTAS

Cod. Validación: 7Z6S6SFRJEJLESRXWY2669M5Z
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 17

1. Preguntas presentadas por sede electrónica:

a) Compromiso Outes:

1ª PREGUNTA. No Cotro, na parroquia de Santo Ourente, prodúcense fallos no alumeado público con certa frecuencia, trátase dunha incidencia reiterativa e quixeramos saber:
– O goberno municipal ten constancia destes problemas de alumeado no Cotro?
– De ser así, ten identificada o goberno a causa destes fallos recorrentes? que actuacións ten previsto realizar para solucionar definitivamente esta incidencia?

Responde o Sr. Alcalde que temos constancia e é unha incidencia que ven pasando dende fai ano, polo que é unha incidencia recorrente. E si temos identificadas das causas deses fallos e polo que nos din os técnicos veñen dadas pola alta sensibilidade dos térmicos diferencias instalados. Os técnicos están estudando unha forma de solucionar mantendo sempre a seguridade da instalación e que non haxa cortes tan frecuente. Polo tanto, estamos en vía de solucionar esta situación.

Intervén a voceira de Compromiso Outes que indica que se alegran de que estean traballando para poñer solución a ese problema.

2ª PREGUNTA. Durante o noso mandato iniciouse un expediente para solicitar a declaración da Romaría de San Campio como festa de interese turístico de Galicia, cal é o estado desta iniciativa na actualidade?

Responde o Sr. Alcalde que a día de hoxe o expediente está arquivado por Turismo de Galicia e a razón foi que durante o seu Goberno fíxose un requirimento no que se lle solicitaban 13 puntos a enmendar e nun prazo de 10 días para facelo, como vostedes non atenderon ao requirimento en prazo a día de hoxe ese expediente está arquivado.

Intervén a voceira de Compromiso Outes que agradece a información pero que o que querían é que se continuase traballando por este fin e non sei se teñen intención de facelo ou non.

Responde o Sr. Alcalde indicando que polo que di a voceira de Compromiso Outes non é continuar senón comezar de novo, xa que, está arquivado e eu creo que cabe resaltar que lles fixeron un requirimento a vostedes de 13 puntos o 2 de outubro de 2024, un requirimento que obra no expediente 104/2024 que subiu a concelleira do BNG e un escrito do Sr. González no expediente que o que se pretendía era unha ampliación de prazo pero que se solicitaba fora de prazo. O expediente está pechado a cuestión é que

Cod. Validación: 7Z6S6SFRJEJLESRXWY2669M5Z
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 17

miraremos se o empezaremos e cando o faremos, pero polo que pregunta vostede en concreto é que foi arquivado por non haber feito nada. Procuraremos facer algo nos próximos meses ou anos.

3ª PREGUNTA. A obra que o goberno de Compromiso Outes deixou prevista para a avenida de Fisterra leva moito tempo pendente de levarse a cabo. Ante a falta de información pública suficiente sobre este proxecto por parte do goberno consideramos necesario preguntar:
– En que punto se atopa a tramitación deste expediente?
– Ten o goberno prevista unha data de inicio para estas obras?

Responde o Sr. Alcalde aclara que non foi o goberno de Compromiso Outes a que deixou esta obra senón o goberno tripartito creo que é salientable, a obra en maio deste ano solicitouse a documentación de adxudicación definitiva da empresa adxudicataria e presentou a renuncia á obra, en agosto deste ano a obra está adxudicada a outra empresa e pensamos que comezará pronto.

Intervén a voceira de Compromiso Outes que dende o seu grupo consideran que esta obra é de especial interese para o Concello debido especialmente ao cambio de tubaxes de auga que contempla, xa que gran parte son de fibrocemento, e alegrámonos de que sexa pronto o comezo da mesma.

4ª PREGUNTA. Fai dez días que se celebrou ao última edición de A Feiriña, evento que naceu e medrou ao longo dos mandatos de Compromiso Outes, sempre en colaboración co comercio de Outes.
– Que valoración fai o goberno desta última edición?

Responde o Sr. Alcalde que a valoración é positiva pero que cremos que a valoración máis importante é a dos veciños e veciñas de Outes.

Intervén a voceira de Compromiso Outes que indica que si que a valoración é positiva pero que o Sr. Alcalde podería dicir que houbo menos afluencia que os anos anteriores de público, que houbo menos postos de artesanía, eses detalles. Este evento naceu durante o noso primeiro mandato, foi medrando discretamente ata converterse nun evento de referencia nos veráns de Outes e sempre se traballou man con man co comercio e lamentamos xa non sexa así e esperamos que o pequeno picada deste ano de pé a enmendar erros e por melloras para as seguintes edicións. Tamén desexamos que a intención deste goberno non sexa deixar esmorecer a Feiriña como xa fixeron co concurso de tapas, evento que tamén funcionaba como referente e que vostedes dixeron

Cod. Validación: 7Z6S6SFRJEJLESRXWY2669M5Z
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 17

que estaban traballando para facer outra edición pero nunca soubemos nada máis.

Responde o Sr. Alcalde que indica que entende as cuestións sinaladas que son subxectivas, o que si está claro é que os datos falan por si e nas últimas edicións que organizou este Goberno, ademais ampliando un día, foi nos eventos que máis afluencia houbo de negocios, polo tanto, ese dato que di de que houbo menos que noutros anos está equivocada, os datos din que o ano pasado foi récord de asistencia e este ano sigue sendo con máis asistencia por parte de postos que calquera dos anos que o organizaron vostedes. Polo tanto, o dato é erróneo e fai referencia aos diferentes datos de anos anteriores dos participantes. Seguiremos traballando en todo o que poidamos.

5ª PREGUNTA. Comezando o mes de xullo celebrouse o amencer musical en Broña e gustaríanos saber:
– Cal foi o orzamento necesario para levar a cabo o evento?
– Que valoración fai o goberno do evento?

Responde o Sr. Alcalde que vaino detallar, que tiveron á Banda municipal de Outes que non tivo custo, o concerto de Miguel Costas que foron 3.000,00 € máis IVE ademais a rede cultural da Deputación sufragou o 60% do honorarios deste grupo, a intervención de Elegido que foi proporcionado pola Xunta de Galicia sen custo, un concerto por 2.500,00€ máis IVE, o tres Djs entorno a 3.500,00 € máis IVE, unha charanga que custou 1.000, 00 €, dous escenarios de 1.600,00 € e 1.650,00 € máis IVE, houbo son e luz en ambos escenarios por importe de 3.461,77 € e 2.460,00 €, camerinos e mobiliario por importe de 1.400,00 € máis IVE e vixilancia e seguridade por 400,00 € máis IVE, o que ascende a un total un pouco máis de 26.000,00 €. A nosa valoración é boa pero sempre prevalece a que teñan os veciños e veciñas de Outes.

6ª PREGUNTA. Soubemos polas redes sociais que o Concello asinou un convenio coa Consellería de Política social para sendas actuación no Centro de día e na Escola infantil, gustaríanos coñecer un pouco máis ao respecto:
– En que zonas do centro de día se van instalar os pavimentos que se mencionan na publicación do concello nas redes sociais?
– Cal é o pavimento que se vai renovar na escola infantil?
– Onde se vai ubicar a nova entrada principal do cento de educación infantil?

Responde o Sr. Alcalde que en todas eses dependencias se vai intervir con salvidade das zonas húmidas que son baños e cociña. Vaise a renovar o pavimento que da acceso á Escola Infantil, o acceso exterior. Con relación a onde se vai a ubicar esta non se modifica desprazase uns metros o portal de acceso ao recinto.

Cod. Validación: 7Z6S6SFRJEJLESRXWY2669M5Z
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 17

7ª PREGUNTA. Sabemos que está en marcha a construción do barco sancosmeiro, financiada mediante unha subvención do GALP, unha actuación que consideramos de especial interese pola recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo e da tradición en carpintería de ribeira de Outes.
Tendo en conta a importancia desta actuación e os prazos establecidos para a execución da subvención, consideramos necesario coñecer :
– En que estado se atopan actualmente os traballos de construción do barco e cal é o grao de execución da actuación?
– Teñen prevista unha data de entrega da embarcación?

Responde o Sr. Alcalde que con relación á primeira parte da pregunta está a piques de rematarse e consideramos que o carpinteiro está no grao de execución entorno ao 90% e a data de entrega debería ser na segunda quincena do mes de setembro.

b) BNG:

PREGUNTA 1. O SERGAS leva anos recortando servizos no centro de saúde de Outes. Pediatra a xornada partida, 3 días menos de matrona, supresión das urxencias dos sábados e un médico de cabeceira menos que hai un par de anos. Dende o BNG vimos esixindo, dende hai tempo, a reversión destas medidas e a mellora do servizo á nosa veciñanza. Gustaríanos ver a mesma actitude por parte do goberno local actual e é por iso que preguntamos: fixo o goberno algunha xestión durante o último medio ano para mellorar esta situación? Cales? Parécelle que a situación é óptima?

Responde o Sr. Alcalde que o Goberno local está en contacto estrito coa Consellería de Sanidade para interesarse polos problemas que existen no noso Concello. Os problemas que menciona son comúns en todo o Estado e veñen dados pola escaseza de persoal médico para ese tipo de prazas. Nos contactos que mantivemos plantexamos todas estas cuestións e tamén outras que cremos que melloraron a asistencia sanitaria en Outes e cremos que xa se foron vendo resultados. Por exemplo conseguise traer para Outes a especialidade de psicoloxía clínica, temos comprometida a implantación do servizo HADO en Outes, adquirimos o compromiso por parte da Consellería que ese quinto médico que falta en Outes non desapareza quedando á espera de cobertura da praza pero que non se amortizaría a praza, conseguimos implantar un programa adestra a túa saúda da Xunta de Galicia e que en parte tamén depende do centro de saúde e conseguimos facer certas obras de mellora de accesibilidade ao centro de saúde. O que está ao noso alcance estamos a facelo.

Cod. Validación: 7Z6S6SFRJEJLESRXWY2669M5Z
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 17

Indica o voceiro do BNG que insisten en que a situación actual do Centro de Saúde é bastante peor que nos últimos anos en termos xerais de atención á cidadanía e por riba de todo co que ten que ver cos prazos de agarda en diferentes especialidades, en concreto na de medicina de familia ou de pediatría, que precisamos recuperar certos servizos. Outras cuestións son benvidas pero con relación o servizo do HADO son servizos que son necesidades que non se están cubrindo e pedimos que fagan forza e premen máis a Consellería de Sanidade.

PREGUNTA 2. No 2024 concello de Outes estaba participando no proxecto europeo EC4RURAL para crear unha comunidade enerxética no noso municipio en colaboración coa universidade de Vigo. Consideramos que era unha boa iniciativa. Dende o BNG queremos saber se o goberno actual continua coa tramitación necesaria para poñela en marcha? En que estado se atopa?

Responde o Sr. Alcalde que remítolle á contestación xa formulada no mes de abril por Compromiso Outes e naquel momento contestamos que o Concello non estaba participando en ningún proxecto ECERURAL. Foi un proxecto que impulsou a FEGAMP e a Universidade de Vigo onde se tiña unha función de consultoría e asesoramento, o papel do Concello foi unicamente foi facer unhas charlas informativas coas persoas que estiveran interesadas. Sabemos que houbo unha primeira charla con 17 persoas que posteriormente houbo outra reunión á que asistiron 8 persoas e dicir que a información que se lles trasladou eran as fórmulas para constituír unha comunidade enerxética e que pasaba por constituír unha asociación. Se ben é certo ningún veciño dos asistentes se interesou máis nin a dia de hoxe temos constancia de ningún expediente aberto con relación a este programa.

Pregunta a voceira do BNG se o Goberno está interesado en iniciar este proxecto? Responde o Sr. Alcalde que o primeiro é que se mostrasen interesados os veciños e aquí polo que se ve non o hai.

PREGUNTA 3. A Feiriña é unha iniciativa que estaba a funcionar excelentemente nos últimos anos. Levou tempo consolidala e facer que fora medrando ao longo dos anos. A mala xestión do goberno actual levou a que, este ano, este evento de especial relevancia para o comercio local sufrira un importante baixón tanto en asistencia coma en participación de postos de venta. Iniciativas coma esta son de vital importancia para que os negocios do noso concello teñan un escaparate onde poidan adquirir maior visibilidade e competitividade. Non podemos comprender como o goberno decidiu que coincidira co 15 de agosto, o fin de semana con máis eventos en todo o país. Nin nos parece lóxico mover os concertos e actividades para a praza do Bosque ou o centro social, deixándoos

Cod. Validación: 7Z6S6SFRJEJLESRXWY2669M5Z
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 17

lonxe dos comercios locais que se pretenden incentivar. Non se convocou a reunión aos comercios locais e volveuse a facer en dous días, o cal este ano demostra, que o único que consegue é unha redución de afluencia en xeral. Que valoración fai o goberno local sobre isto? Consideran que a súa xestión foi acertada?

Responde o Sr. Alcalde que indica que en primeiro lugar vai facer unha aclaración á exposición porque creo que é completamente incorrecta cos datos que citou antes. Indica que os datos de participación e non foi así os datos son os que son e procede a reiterar os datos contestados na pregunta anterior e a explicar de novo os mesmos. O que di vostede non é certo. Co referente coa data do 15 de agosto, dicirlle que foron vostedes os que instauraron dende o ano 2021 que se celebrase o terceiro fin de semana do mes de agosto. Dicir que o 1 de agosto celebrouse a festa dos callos de ADISBISMUR, o seguinte fin de semana eran as festas parroquiais de San Lourenzo máis adiante as de San Ourente, non sei con cal dos eventos pretendían facer vostedes coincidir a Feiriña. O horario da Feiriña o sábado era de 11:00 a 21:00 horas e o domingo 11:00 ás 15:00 horas. Os concertos que houbo dentro do horario do comercio aberto foron feitos na Rúa da Capela e os concertos que se celebraron na praza do Bosque foron fora do horario da Feiriña co comercio pechado e ademais houbo por primeira vez en horario de mañá concertos e pasarúas continuos pola Rúa da Capela. Entendemos que houbo máis actuacións musicais que en calquera outra edición. As actividades celebráronse tamén no Bosque por petición de quen as impartía, precisaban dun espazo cuberto e pechado, unha gran cantidade de actividades ofertadas con relación a outros anos. Todo isto demostra que as súas críticas son pouco obxectivas. Remítome a que a nosa valoración é positiva e que a xestión foi acertada pero a valoración importante é a dos veciños e veciñas de Outes.

Intervén o voceiro do BNG para indicar que cree que o Sr. Alcalde fai unha interpretación un pouco sesgada do que se dixo e que hai unha evidencia do que vostede acaba de dicir que é que baixou de participación, polo tanto, non mentín e é preciso recoñecer os seus erros. A Feiriña estaba funcionando moi ben e estábase facendo buscando o acordo dos comerciantes locais, cousa que este ano non fixeron, e o criterio que se viñan defendendo os comerciantes locais é que a Feiriña estaba ben en facela nun día. É preciso escoitar aos sectores e o que lle trasladamos é unha opinión é do sector. É fundamental manter un contacto directo co comercio local. En concreto con relación aos concertos que se fixeron fora de horario e actividades que se realizasen nun sitio en concreto, pois buscaran outras actividades ou de encaixalas dentro dunha zona que puidesen xerar un beneficio para as empresas que xeran postos de traballo no noso Concello e que fixeran como en anos anteriores en que os concertos da noite empezaban cando aínda había horario comercial. Estaría ben que recoñeceran erros e que escoitaron

Cod. Validación: 7Z6S6SFRJEJLESRXWY2669M5Z
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 17

á veciñanza e ao comercio local.

Responde o Sr. Alcalde que reitera os datos que o voceiro sesga a información e que o tema dos concertos non houbo ningún menos que noutros anos e, polo tanto, fáltame que vostede fixera unha proposta xa que a data do 15 de agosto era unha data terrible e que non se atreva a dicir unha data para poder encaixala. Hai que tomar decisións e esquécese que este é un evento consolidado no terceiro fin de semana de agosto, para o ano que ven non coincidirá o 15 de agosto, entón o formato de dous días, as actividades medraron e imos a seguir nesta liña, cremos que é unha aposta seria e claro que hai que escoitar á xente.

2. Rogos:

a) Compromiso Outes:

ROGO 1. Vimos que nos últimos días repuxeron algunha varanda no paseo de Broña e rogámoslle que planifiquen e executen o mantemento de tódolos paseos marítimos. Que continúen co mantemento en Broña e que non esquezan levalo a cabo en Ponte Nafonso e no Freixo

b) BNG:

ROGO 1. Recibimos solicitudes por parte dos veciños de Siavo para valorar a posibilidade técnica de que para o sentido único de entrada a Siavo de baixada se permita exclusivamente aos residentes a saída e a incorporación á estrada xeral. Rogamos que valoren esa viabilidade técnica e que de ser posible a implementen.

ROGO 2. Na Rúa da Capela existe un problema recorrente para a carga e descarga para o supermercado Claudio, posto que a praza actual é dunhas dimensións que non garanten o espazo necesario para facer a manobra de carga e descarga sen obstaculizar o tránsito da rúa, tendo en conta que é unha rúa dun só carril e de senso único. Rogamos que valoren e que o fagan limitar a carga e descarga uns metros máis no fronte do supermercado nas horas que se poñan en acordo co distribuidor que adoitan ser polo que nos dixeron entre as 7:00 e as 10:00 horas e que analicen se hai algún outro caso semellante no Concello.

ROGO 3. Levamos meses vendo como hai serias deficiencias no mantemento de infraestruturas públicas, un exemplo é o sendeiros peonís en concreto o sendeiro peonil de Broña que en tempada de verán está en mal estado e cuestións de mantemento que

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0006 Data: 30/10/2026
Cod. Validación: 7Z6S6SFRJEJLESRXWY2669M5Z
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 17

veñen do inverno e que non se fixo nada para o verán, polo tanto, rogamos que se faga un correcto mantemento dos sendeiros peonís e das infraestruturas similares no noso Concello.

ROGO 4. O día 14 de agosto puxeron na páxina do Facebook do concello unha enquisa para facer unha ordenanza reguladora de estacionamento de autocaravanas e non especifica cal é o prazo para poder participar, pero eu tódalas veces que intentei entrar está deshabilitada á páxina e non sei se é porque xa rematou o prazo ou se non funciona, polo tanto, se non rematou o prazo que a habiliten e se rematou o prazo pois que o especifiquen, pero debeu estar moi poucos días porque non se pode entrar.

E, non habendo mais asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 21:50 horas, de todo o cal, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 7Z6S6SFRJEJLESRXWY2669M5Z
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 17